CONCELLO DE TORDOIA (A Coruña)
Telfs.981-690001/690128-Fax: 981-690005
servizos.sociais@tordoia.gal

BANDO

Don **ANTONIO PEREIRO LIÑARES,** alcalde
do Concello de **TORDOIA** (A Coruña)

FAI SABER

Que polo Real Decreto-lei 15/2018, se regulan **medidas urxentes para a transición enerxética e protección dos consumidores** (BOE nº 242 de 6/10/2018/).

Establécese unha **nova circunstancia especial para o acceso ao bono social**, de maneira que o limiar de renda máximo fixado para acceder á condición de consumidor vulnerable ou de vulnerable severo no caso das **familias monoparentais** será 0,5 veces o IPREM superior ao das biparentales. Así, terán dereito a descontos no recibo as familias monoparentais, ata agora non incluídas, que gañen menos de 19.000 euros ao ano.

A **circunstancia especial** derivada da existencia dun membro do fogar cunha discapacidade recoñecida de polo menos o 33 %, vixente ata agora, **amplíase a aquelas situacións nas que un dos membros do fogar teña unha situación de dependencia de grao II ou III.**

Como medida adicional de **protección á infancia**, as **vivendas acollidas ao bono social nas que vivan menores de 16 anos** serán consideradas unha subministración esencial e **non poderán ser obxecto de corte de subministración**. Da mesma protección ante o corte de subministración gozarán os **fogares nos que un dos seus membros se atopen en situación de dependencia recoñecida de grao II ou III**, ou ben cunha **discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33 %.**

Para que os consumidores acollidos ao anterior réxime de bono social poidan acreditar a condición de consumidor vulnerable con arranxo á nova normativa, **recoñécese o dereito para percibir o bono social desde o 8 de outubro a todos aqueles que cumpran os requisitos do real decreto e estivesen acollidos ao bono social antigo, sempre que o soliciten e presenten a documentación completa antes do 31 de decembro de 2018.**

Ampliase a protección a outros usos enerxéticos, para o que se **crea un bono social para usos térmicos** (calefacción, auga quente sanitaria ou cociña). Os consumidores vulnerables que estean acollidos ao bono social de electricidade ao 31 de decembro de 2018, ou que presentasen a solicitude completa antes desa data e resulten beneficiarios, recibirán ao longo do inverno un bono que lles permitirá sufragar outros usos enerxéticos do fogar distintos da electricidade. A contía do bono modularase pola zona climática na que se atope a vivenda e dependerá do grao de vulnerabilidade do fogar.

Información e tramitación: na compañía distribuidora ou nos Servizos Sociais Comunitarios

Tordoia, a 16 de outubro de 2018

O alcalde

CONCELLO DE TORDOIA (A Coruña) * ALCALDÍA *